Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central –		
Número expediente:	Documento:	
AYT/XGL/24/2016	GOB10I0D3	

1Y5151426Y3N6A4O0S27

XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTETRÉS DE XUÑO DE DOUS MIL DEZASEIS

SRES/AS ASISTENTES: **SR ALCALDE-PRESIDENTE:** JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª NATALIA HERMIDA RICO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/Dª PABLO VILLAMAR DIAZ **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vintetres de xuño de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. O ALCALDE-PRESIDENTE, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI,O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 **.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÒN PARA A LIMPEZA DE PRAIAS 2016.**.- Vista a proposta formulada que di asi: O Inspector Xefe de Emerxencias, en data 17-06-2016, elevou a este Alcalde o informe de código ASI10I09W que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	**Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local**
EXPEDIENTE	**ASI/27/2016: Subvención para limpeza de praias marítimas 2016**
DESTINATARIO	**Alcaldía / Servizos Económicos**
ASUNTO	**Aceptación de subvención**

Por resolución de data 30/03/2016 e código ASI10I06B, o Alcalde-Presidente deste Concello aprobou a solicitude, á Deputación da Coruña, da subvención para a limpeza de praias marítimas 2016, por importe de 33840,00 €, o máximo que se podía solicitar e que supón o 82%

do orzamento estimado do proxecto segundo o plan de financiamento provisional que obra no expediente. De dita resolución deuse conta á Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 21/04/2016.

No BOP nº 100, de 27 de maio, publicouse a *concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa MA100, dirixido aos concellos da provincia da Coruña para a limpeza de praias marítimas durante o exercicio 2016*, concedendo definitivamente a este Concello a seguinte subvención:

Solicitudes	Importe subvención	Coeficiente	Pto. subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: CONCELLO DE NARÓN NIF: P1505500G Cod. Exp.: 2016000005940 Obxecto: LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS 2016	19117,99 €	1,0	19117,99 €

Resultan de aplicación, para aceptar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2016. Concretamente a base 49, apartado 2, sinala que *a aceptación da concesión e o desistimento ou rexeitamento deberán ser aprobados, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá vir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por concesión*. A tal efecto, quen subscribe elaborou o informe de código ASI10I09V comprensivo do referido plan de financiamento. Por outra banda, procede a iniciación dun expediente de modificación de crédito por xeración, o cal é obxecto dunha proposta paralela a esta.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o plan de financiamento definitivo para a **Limpeza de praias marítimas 2016,** de acordo co establecido no informe adxunto de código **ASI10I09V**:

PROXECTO	**LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS 2016**
IMPORTE TOTAL	**23.817,99 €**
FINANCIAMENTO EXTERNO (A)	
Entidade	**Importe**
Deputación da Coruña	19117,99 €
SUBTOTAL (A)	**19117,99 €**
Porcentaxe de financiamento externo sobre o total do proxecto	80,27 %
ACHEGA MUNICIPAL (B)	
Aplicación orzamentaria	**Importe**
24 13600 16000 (Bombeiros – Seguridade Social)	4700,00 €
SUBTOTAL (B)	**4700,00 €**
Porcentaxe de achega municipal sobre o total do proxecto	19,73 %
TOTAL FINANCIAMENTO (A+B)	**23.817,99 €**

SEGUNDO: Aceptar, da Deputación da Coruña, a subvención para a **Limpeza de praias marítimas 2016**, por importe de **19117,99 €**, segundo o establecido na referida concesión provisional de subvención."

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello (documento adxunto de código **ICO10I04J**), de acordo do **RC=4632/16**, este Alcalde propón á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO: Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

SEGUNDO: Dar conta do mesmo aos Servizos Económicos de Concello.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 **.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A ADQUISICIÓN E EQUIPAMENTO FORESTAL PARA O SERVIZO DE EMERXENCIAS..**.- Vista a proposta formulada que di asi: O Inspector Xefe de Emerxencias, en data 21-06-2016, elevou a este Alcalde o informe de código ASI10I0DC que di:

"

TIPO DE DOCUMENTO	**Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local**
EXPEDIENTE	**ASI/7/2016: Subvención para a Adquisición de equipamento de intervención forestal do Servizo de Emerxencias**
DESTINATARIO	**Alcaldía / Servizos Económicos**
ASUNTO	**Aceptación de subvención**

Na súa sesión de data 28/01/2016, a Xunta de Goberno Local deste Concello aprobou a solicitude, á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, da subvención para a Adquisición de equipamento de intervención forestal do Servizo de Emerxencias, por importe de 8074,38 €, sendo este o máximo a conceder ao tratarse dunha subvención en liña non competitiva. A contía total da inversión, segundo a memoria obrante no expediente, ascende aos 8900,00 €.

Con data 25/05/2016 e número 8729, tivo entrada no rexistro deste Concello o escrito da Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, polo que se notifica, para o referido proxecto, a concesión da seguinte subvención:

Orzamento total	**8900,00 €**
- Orzamento investimentos	8900,00 €
Importe total subvención	**8074,38 €**
- Importe subvención para investimentos	8074,38 €

Resultan de aplicación, para aceptar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2016. Concretamente a base 49, apartado 2, sinala que *a aceptación da concesión e o desistimento ou rexeitamento deberán ser aprobados, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá vir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por concesión*. A tal efecto, quen subscribe elaborou o informe de código ASI10I0BI comprensivo do referido plan de financiamento. Por outra banda, procede a iniciación dun expediente de modificación de crédito por xeración e transferencia, o cal é obxecto dunha proposta paralela a esta.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte

P R O P O S T A D E A C O R D O :

PRIMEIRO: Aprobar o plan de financiamento definitivo para a **Adquisición de equipamento de intervención forestal do Servizo de Emerxencias,** de acordo co establecido no informe adxunto de código **ASI10I0BI**:

PROXECTO	**ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO DE INTERVENCIÓN FORESTAL DO SERVIZO DE EMERXENCIAS**
IMPORTE TOTAL	**8900,00 €**
FINANCIAMENTO EXTERNO (A)	
Entidade	**Importe**
Xunta de Galicia	*8074,38 €
SUBTOTAL (A)	**8074,38 €**
Porcentaxe de financiamento externo sobre o total do proxecto	90,72 %
ACHEGA MUNICIPAL (B)	
Aplicación orzamentaria	**Importe**
02 13600 62300 (Bombeiros – Investimentos nova maquinaria, instalacións e utillaxe)	**825,62 €
SUBTOTAL (B)	**825,62 €**
Porcentaxe de achega municipal sobre o total do proxecto	9,28 %
TOTAL FINANCIAMENTO (A+B)	**8900,00 €**

* Procede a xeración deste importe na aplicación orzamentaria 02 13600 62300.

** O importe para a achega municipal será transferido desde a aplicación 02 13600 22104 (Bombeiros – Vestiario).

SEGUNDO: Aceptar, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, a subvención para a **Adquisición de equipamento de intervención forestal do Servizo de Emerxencias**, por importe de **8074,38 €**, e das condicións establecidas nela, segundo o escrito remitido pola entidade concedente."

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello (documento adxunto de código **AXU10I07H**), de acordo do **RC=4700/16**, este Alcalde propón á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO: Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

SEGUNDO: Dar conta do mesmo aos Servizos Económicos de Concello.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 **.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS DESEMPREGADAS EN RISGO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (RISGA).**.- Vista a proposta formulada que di asi: A xefa de Patrimonio e RRHH en data 22 de xuño de 2016, elevou a este Alcalde o informe de código PER10I1H1 que di:

"A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 18 de febreiro de 2016 aprobou a solicitude de subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria "Contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social (RISGA 2016)", ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia por resolución de data 24 de maio de 2016 resolve conceder ao Concello de Narón o importe de 108.002,30€ para a contratación de persoas perceptoras da RISGA polo que, esta funcionaria eleva á alcaldía a seguinte

Resultan de aplicación, para aceptar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- *Bases de execución dos Orzamentos do ano 2016. Concretamente a base 49, apartado 2, sinala que a aceptación da concesión e o desistimento ou rexeitamento deberán ser aprobados, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá vir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por concesión.*

Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Aceptar a subvención de 108.002,30€ concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia dacordo cos termos expresados na convocatoria e do seguinte plan de financiamento:

PLAN FINANCIAMENTO:

PROXECTO	***CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL***
IMPORTE TOTAL	***110.639,20 €***
FINANCIAMENTO EXTERNO (A)	
Entidade	***Importe***
Xunta de Galicia	**108.002,30 €*
SUBTOTAL (A)	***108.002,30 €***
Porcentaxe de financiamento externo sobre o total do proxecto	*97,62 %*
ACHEGA MUNICIPAL (B)	
Aplicación orzamentaria	***Importe***
17/45900/13100	***2.636,90 €*
SUBTOTAL (B)	*2.636,90* ***€***
Porcentaxe de achega municipal sobre o total do proxecto	*2,38 %*

TOTAL FINANCIAMENTO (A+B)	***110.639,20 €***

** Procede a xeración deste importe do seguinte xeito:*

- ✓ *Aplicación orzamentaria 17/45900/13100: 81.357,50 €*
- ✓ *Aplicación orzamentaria 17/45900/16000: 26.644,80 €*

*** O importe para a achega municipal correspóndese coa indemnización dos traballadores. Tendo en conta a data na que nos atopamos e a duración do contrato, a dita indemnización liquidarase en xaneiro do ano 2017. Polo que no orzamento do ano 2017 deberá dotarse o crédito necesario para a imputación do dito gasto."*

Logo de ver o informe con toma de razón de data 22 de xuño de 2016 e código de documento AUX10I071, este alcalde propón á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO: Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

SEGUNDO: Dar conta do mesmo aos Servizos Económicos de Concello.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN DE ENTRADA E SAIDA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E VAOS.**.- Vista a proposta formulada que di asi: Unha vez confeccionado, polo Servizo Municipal de Facenda, o padrón de contribuintes da taxa por entradas de vehículos a través de beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, correspondente ao exercizo 2016, proponse á Xunta de Goberno Local o seguinte:

1.- Aprobar o padrón de contribuintes da taxa por ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE, correspondente ao exercizo 2016, que comeza por ABELEDO MORADO MANUEL XOSÉ, e remata por ZAS VILAS MARCOS, cun total de 2021 contribuintes, e ascendendo o total do padrón á cantidade de **237.027,99** euros.
2.- De acordo co disposto no artigo 75 da Ordenanza Fiscal xeral de xestión, recadación e inspección, o padrón será exposto ao público durante un prazo de quince días, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia. O anuncio de publicación no BOP surte os efectos de notificación colectiva, ao abeiro do artigo 102 da Lei xeral tributaria.

3.- Durante dito prazo os interesados poderán examinar o padrón e interpoñer contra os mesmos, e perante a Xunta de Goberno Local, o recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo a que se refire o artigo 108 da Lei 7/1985.
VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:20 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE	O SECRETARIO XERAL
Asdo.- JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ	Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI